

As linguas na Rede


1 NOCIÓNS BÁSICAS SOBRE A REDE

Internet é o nome que recibe un sistema que conecta redes de ordenadores de todo o mundo, ata agora, mediante os cables telefónicos, cables de fibra óptica, e no futuro, probablemente, mediante satélites. Se a través das liñas telefónicas *viaxa* a nosa voz, tamén pode viaxar unha inxente cantidade de información dixitalizada entre ordenadores situados en calquera punto do mundo.

O xermolo da rede xurdiu no ano 1969, como resultado dun proxecto do Departamento de Defensa dos EE.UU. Arpanet consistía en varias redes de ordenadores, que garantían un medio de comunicación eficaz e seguro para os proxectos militares, pois non tiña un centro neurálxico que puidese ser atacado. A partir de aí, pasou a utilizarse na universidade, para unir bases de datos de centros de investigación de todo o mundo e así, intercambiar información. Os avances tecnolóxicos e a proliferación dos ordenadores persoais permitiron o acceso á demanda privada. A principios dos 90 os grandes provedores americanos conseguen a explotación do acceso principal e dende aquela a Internet estase a desenvolver dun xeito espectacular.

En 1996 había en Galicia 22.000 internautas; en xuño eramos 143.000 as persoas con acceso á rede¹. Sen embargo, abonda observar a seguinte gráfica para decatarnos de que imos por detrás doutros países do noso contorno en canto á penetración de Internet no país.

Ilustración 1: Porcentaxe de introducción de Internet (comparativa)



¿Que hai en Internet? Pois nin máis nin menos, o que as persoas, as institucións, as empresas, as organizacións en xeral que acceden a ela queren/queremos que haxa, o lles convén/nos convén que haxa. O cal quere dicir que hai case de todo (servicios, información para compartir ou para

vender; propaganda e publicidade en senso amplo...) e sobre practicamente tódolos temas imaxinables. O cal non quere dicir que todo o que hai sexa interesante ou teña calidade, ou que estea xusto iso que ti andas buscando.

A través de Internet conectamos con outros ordenadores de tal xeito que podemos copiar arquivos ou manexalos dende o noso; así, por exemplo, podemos acceder ás bases de datos dunha biblioteca que estea situada a centos ou a milleiros de quilómetros de nós. Os servicios máis coñecidos de Internet son o correo electrónico e os seus derivados, e mailo web.

O correo electrónico permite intercambiar mensaxes con calquera persoa do mundo. Cando un se conecta a este servicio, recibe un enderezo electrónico que fai as veces de caixa de correo. Nela pode recibir ou emitir mensaxes, que ademais poden levar anexos arquivos de texto, gráficos, sonoros, etc. ¿Que vantaxes ten o correo electrónico?

- É rápido: dependendo da calidade dos servidores, calquera mensaxe pode tardar unicamente uns segundos en transmitirse.
- É seguro: raramente se perde unha mensaxe; se o ordenador de destino está desconectado, o programa de correo electrónico reintentará periodicamente a transmisión, e se hai algún problema, avisa.
- É cómodo: permite enviar unha mensaxe a un ou a moitos (milleiros) de destinatarios ó mesmo tempo.
- É barato, máis có teléfono, o fax ou o correo postal: polo custo dunha chamada telefónica local, pódese enviar unha mancha de mensaxes.

As roldas son listas de persoas que se apuntan para recibir correo electrónico sobre un asunto ou un tema concreto. É un enderezo de correo electrónico que automaticamente envía mensaxes a tódalas persoas inscritas na rolda, de tal xeito que quen ten algo que dicir envía unha mensaxe á rolda, e en pouco tempo, tódolos apuntados nela reciben esa mensaxe.

Os grupos de novas son unha evolución das roldas: non envían as mensaxes ós membros da rolda, senón que funcionan como un taboleiro de anuncios, no que os usuarios colocan a mensaxe. Os membros do grupo non reciben as mensaxes, senón que teñen que acceder ó taboleiro de novas para miralas, ler as que lle interesan, copialas ou contestalas.

As charlas (chat) permiten que varias persoas se comuniquen entre si en tempo real conectándose a unha canle, que normalmente está dedicada a un tema concreto. Existen varias aplicacións para utilizar este servicio, como a canle IRC, que é a máis utilizada e está dispoñible na rede de forma gratuíta.

A World Wide Web, tamén coñecida como WWW ou como "arañeira", é o servicio máis popular, que ademais abrangue tódolos demais. Trátase de coleccións de páxinas que poden mesturar texto, imaxes, son e animacións. A base deste sistema é o hipertexto: as páxinas teñen ligazóns a outras páxinas, igual ca nos cd-rom, polo que se pode *saltar* dunhas a outras, sen seguir unha

orde lineal. Unha das características do Web é que as ligazóns poden vincular con calquera tipo de recurso existente na Internet: arquivos de texto, imaxes, un correo electrónico, un grupo de discusión...

Para termos acceso a estes datos, o que precisamos é un programa chamado navegador. Os máis populares hoxe en día son o Netscape, que é de distribución libre na propia rede, e mailo Microsoft Explorer, aínda que non son os únicos.

Navegar pola World Wide Web é moi doado; o problema é que a arañeira é tan grande e tan interrelacionada que o navegante pode acabar completamente perdido, polo que cómpre un pouco de método na navegación. Para saber qué páxinas tratan un tema que nos interesa, existen os chamados buscadores ou motores de busca, que veñen ser coma as páxinas amarelas para o teléfono.

Finalmente, a todos vos soarán, porque están moi de moda, os portais, que son sitios web que adoitan integrar diversos servicios en liña, como buscadores -temáticos, xeográficos, etc.-, novas, acceso á rede, programas, receitas de cociña, enquisas en liña, charlas, foros de debate... Constitúen unha evolución dos buscadores como xeito de captar clientela.

Conclusión: a Internet é un sistema de comunicación rápido, inmediato (ou non mediato), cómodo, económico, e que ofrece posibilidades de interacción.

2 FRONTE Á GLOBALIZACIÓN

Todos coñecemos os cambios que se derivaron do paso dunha sociedade feudal a unha sociedade industrial, e tamén as consecuencias que tivo para algúns pobos, por exemplo o galego, non chegar a tempo a esta mudanza. Esa demora non só tivo repercusións económicas, senón tamén sociais, culturais e lingüísticas. Pois ben, dende mediados deste século que se nos vai, estamos asistindo a unha nova transformación de grande magnitude: a provocada polo tránsito dunha sociedade industrial ou mecánica, a un novo modelo de sociedade en que o factor central de desenvolvemento e produción é a información: falamos da chamada sociedade da información. Para entendérmonos: o poder reside agora en posuír información, mais sobre todo en poder tratala e en xerala. Este tránsito á sociedade da información acelerouse desde os anos 70, nomeadamente coa implantación das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), que permiten tratala con máis velocidade e con maior capacidade; Internet é un dos seus exemplos sobranceiros.

A todos tamén nos soan, polo menos, algúns dos cambios que a sociedade da información e maila xeneralización do uso destas tecnoloxías xa están provocando, e coñecémolos tanto desde as perspectivas máis optimistas (a dos chamados tecnófilos) coma desde as máis agoreiras (a dos chamados tecnófobos). Así, para algúns imos traballar menos, gracias ó aumento da produtividade que estas novas tecnoloxías implican, e imos traballar máis

cómodos, por exemplo dende a casa; para outros, pola contra, vanse destruír máis postos de traballo e condénannos a un illamento dende o que resulta aínda máis difícil calquera forma organizada de unión dos traballadores. Para algúns, estas tecnoloxías son a panacea contra as desigualdades; para outros, pola contra, han aumentar os desequilibrios territoriais e a exclusión social, dividindo a humanidade en inferricos e infopobres. Esta dobre perspectiva de apocalípticos e integrados, que diría Umberto Eco, tamén pode iluminar con luces diferentes outros efectos da sociedade da información e do desenvolvemento das TIC: a desaparición das fronteiras tradicionais e a creación de novos espazos; as novas formas de organización do traballo e da educación, as diferentes posibilidades de acceso a estas tecnoloxías, as novas formas de participación política, a concentración de grandes empresas e organizacións...

Tales cambios, que teñen implicacións considerables para a democracia, a cultura e o desenvolvemento económico e social de todo o planeta, non van ser obxecto da nosa análise, sacado un: a globalización, ou máis ben, a aceleración da globalización, que imos considerar desde a súa vertente de homoxeneización lingüística e cultural.

En efecto, en realidade podemos remontar á época das descubertas, no século XVI o inicio da globalización, da homoxeinización lingüística e cultural, aínda que poderíamos retrotraernos incluso a acontecementos anteriores (o helenismo, o imperio exipcio, o imperio romano, etc.). Lembremos que España, Portugal, Inglaterra, Francia e demais estados europeos naceron coa unificación territorial, pero habían seguirle as unificacións culturais e lingüísticas; tralas descubertas, non só se limitaron á explotación económica e social das súas colonias, senón que tamén lles impuxeron as súas linguas e culturas, principalmente en América, provocando a paulatina morte e desaparición de moitas culturas autóctonas. Esa imposición e as súas consecuencias non se produciron da noite para a mañá, senón que foron cambios lentos, que levaron séculos de represión, e que, nalgúns casos, aínda non acabaron de completarse. Pensade, sen irmos máis lonxe, que cinco séculos de doma e castración non acabaron coa lingua e a cultura galegas.

Sen embargo, neste século cobra especial relevancia un factor que, en realidade, sempre estivo aí: a tecnoloxía. Todos sabemos que o progresivo aumento da taxa de escolarización tivo e ten efectos positivos; tamén é certo, non embargante, que pode contribuír a acelerar os procesos de minorización ou substitución que viven linguas e culturas pequenas. Pois ben: do mesmo xeito, o veloz desenvolvemento das tecnoloxías da comunicación e a información neste século -é dicir, a converxencia da radio, a televisión, o cinema, o vídeo, a internet nunha soa canle...- potencian aínda máis eses procesos de minorización lingüística e cultural. Por unha banda, porque os medios audiovisuais requiren menos esforzo intelectual por parte dos individuos para seguilos, ca, por exemplo, a lectura; por outra banda, porque os custos de produción nestes medios audiovisuais, tanto económicos como técnicos, adoitan estar ó alcance só das sociedades máis desenvolvidas, que

producen e exportan os seus programas. Os contidos destes reflicten a súa lingua e cultura, e isto provoca unha sorte de nova colonización cultural dos países pobres, pero desta volta, moito máis eficaz e rápida. Se nos séculos pasados, as culturas devoradoras eran europeas, este que remata é o século da cultura estadounidense. Cando Ricki Martin, **A ameaza fantasma** ou **Allie MacBeal** triunfan nos Estados Unidos, tamén triunfan no resto do mundo case de inmediato; expórtannolos e nós consumímolos con avidez; e daquela, os nenos deste país xogan a ser *Obiyanquenobi*.


Se isto ocorre coa música, coa televisión, co cinema ou co vídeo, os efectos de Internet aínda son máis velozes. Para velo graficamente: Tardamos varios meses en poder ver no cinema **A ameaza fantasma**, desde que xa viran a película nos Estados Unidos. Pola contra, puidemos ver toda a inmensa maquinaria de promoción do filme a través da rede desde o mesmo momento ca alí. Aínda máis: para vermos en Tele 5 unha das serie de moda deste ano, **Allie MacBeal**, tivemos que agardar a que esta cadea de televisión española decidise mercala e programala. Pero se a productora de **Allie MacBeal** a emitise a través da rede, abondaría con que nós decidisemos vela.

Ata agora, a carreira por Internet que se desenvolveu nos anos 90, foi gañada polos Estados Unidos; e non é casual. O seu presidente, Bill Clinton, e sobre todo, o vicepresidente Al Gore, consideraron que o mantemento da posición de liderato dos EE.UU. ía depender do desenvolvemento das redes de comunicación, polo cal promoveron unha política estratéxica para entraren de primeiros; gracias a ela as institucións e as empresas norteamericanas son hoxe a maioría dos produtores de información a través de Internet. Obviamente, contidos relacionados coa sociedade e cultura dese país. Obviamente, no seu idioma oficial, o inglés. Esta, e non outra -como podería ser que o inglés sexa hoxe en día unha especie de lingua franca-, é a razón da preponderancia do inglés na rede. ¿Estamos, logo, abocados a un dominio cultural e lingüístico dos Estados Unidos?

2.1 A minorización de linguas e culturas na rede

Unha mesma lingua pode ser maioritaria, minoritaria ou minorizada segundo o contexto no que analicemos o seu status. Para reafirmar con datos esta aseveración, imos estudar, mediante unha sucesión de presentacións o status de cinco linguas nun "mesmo territorio" baseándonos nas porcentaxes de uso² de cada unha delas.

Ilustración 2: Porcentaxe de usos en Internet das linguas estudias



Á vista destes datos podemos inferir que nun "territorio" coma a Internet tódalas linguas son minoritarias agás o inglés.

Na seguinte táboa recollemos a porcentaxe sobre a poboación mundial que representan os falantes de cada unha destas linguas; a presenza en termos absolutos destas linguas nos sitios web que hai en Internet, e a súa presenza ponderada, dato que se obtén dividindo o valor da presenza porcentual absoluta nos sitios web entre o valor porcentual do número de falantes de cada lingua.

Ilustración 3: Presencia ponderada nos sitios web das linguas estudias

Linguas	Falantes		Presencia absoluta	Presencia ponderada
	%	Nº en millóns		
Chinés	20,00%	1.200	0,71%	0,03%
Español	6,25%	375	1,51%	0,24%
Inglés	10,50%	630	70,05%	6,67%
Sueco	0,13%	8	0,64%	4,90%
Outras	63,12%	3.787	27,09%	0,42%

Polo que acabamos de ver, a presenza do inglés en Internet está sobredimensionada, en relación ó número dos seus falantes, e poderíamos aseverar que idiomas como o chinés ou o español, cun alto número de falantes no mundo -e daquela, non podemos dicir que sexan linguas minoritarias-, son, sorprendentemente, linguas minorizadas no territorio de Internet, pois a súa presenza é menor da que lle corresponde, tanto en termos absolutos como en ponderados. Sen embargo, linguas de bastantes menos falantes a escala mundial, coma o sueco, presentan índices máis altos e están correctamente representadas na rede. ¿Que significa isto?

Seguro que a todos vos soan, por exemplo, as tentativas da Unión Europea por establecer un sistema de cotas para que o cinema estadounidense non arrase nas salas europeas, o cal consegue gracias a unha industria productora moi poderosa e ó dominio das canles de distribución. Esa tentativa de resposta da Unión Europea é unha política. Pois do mesmo xeito, Francia ou Suecia, ou o conxunto da Unión Europea tentan dende hai algúns anos facerlle fronte ó dominio da rede polos Estados Unidos: con políticas que promovan a introducción de contidos propios europeos e nas linguas europeas en Internet, isto é, políticas lingüísticas e de comunicación para que as linguas, as culturas e os países ocupen os lugares que lle corresponden na sociedade da información. Gustaríanos ser románticos e pensar que esta é a única razón, mais se cadra, tamén, a estes países europeos o que non lles gusta é ser "papados" economicamente polos Estados Unidos, e polo tanto, queren preservar a súa cota de mercado local.

O que se pretende, logo, con esas políticas lingüísticas e de comunicación é crear espazos de comunicación propios na rede. O primeiro e fundamental paso é estender a rede física a todo o territorio, algo do que normalmente xa se ocupan os propios estados e gobernos. "Pero resulta que a forza dun país neste sector non depende só da infraestrutura en comunicacións que teña, senón de que estas estruturas faciliten a produción dos contidos que teñen que ir por elas, e isto só se consegue coa extensión do seu uso a toda a poboación"³. Non se trata de que todos acabemos tendo ordenador e acceso a Internet na casa, que tampouco estaría mal, senón de que se lle garanta a toda a poboación a posibilidade de acceder a través de espazos públicos, como concellos, bibliotecas, escolas, casas de cultura, centros sociais, etc. Trátase de que se divulguen estas tecnoloxías, de que se favoreza o acceso mediante a formación xeneralizada. Trátase de que exista unha política que incentive que a administración, a empresa, a sanidade, a educación, a cultura, as organizacións cidadás, o lecer, a lingua... o país enteiro estea representado na rede, nun espacio propio⁴.

2.2 A rede, unha oportunidade para as linguas e culturas minorizadas

Antes vimos a situación de minorización en que se achan na rede grandes linguas como o español ou chinés. Podemos pensar: "se chinés e español son idiomas minorizados en Internet, ¿que non lles pasará ó galego, ou ó occitano, ou ó galés, ou...?". Pois a resposta é: exactamente o mesmo, nin máis ou

menos. En Internet, tódalas linguas, agás o inglés, teñen que afrontar retos moi semellantes. A diferenza á hora de afrontalos non radica tanto no número de falantes de cada lingua, como na existencia de políticas de comunicación axeitadas, coma no caso do sueco, e o mesmo poderíamos dicir no caso de países como Noruega, Islandia, Dinamarca, Québec, Italia...

Pero hai algo máis. Vilaweb é un recurso electrónico catalán, que ten case tantas visitas diarias coma as edicións electrónicas de xornais como *El País* ou *El Mundo*. ¿Por que? Porque a estrutura tecnolóxica e económica da comunicación no ciberespacio é diferente á dos outros medios, que requiren uns altos custos de produción. A produción e a difusión na rede, pola contra, é moitísimo máis accesible, e permite que practicamente calquera se poida converter en produtor de contidos, dirixirse a un inmenso público e competir en igualdade de condicións coas grandes empresas que desembarcan na rede.

"A diversidade cultural no ciberespacio será directamente proporcional ó compromiso activo e á calidade das contribucións dos representantes de culturas variadas. É certo que se requiren determinadas estruturas materiais (redes de telecomunicacións, ordenadores) e un mínimo de competencias. De tódolos xeitos, o feito máis importante que cómpre ter en conta é que os freos políticos, económicos ou tecnolóxicos na expresión mundial da diversidade cultural nunca foron tan febles coma no ciberespacio".⁵

2.3 A necesidade de conciencia crítica

Nos finais deste segundo milenio preséntase un novo reto para a lingua e a cultura galega: construímos un espacio propio de comunicación na rede, galego e en galego, para que Galicia ocupe o lugar que lle corresponde na sociedade da información, que asegure a súa supervivencia tamén para os milenios posteriores. Os poucos datos de que dispoñemos sobre a presenza do galego en Internet son alentadores: en xuño de 1997, dos 654 sitios web galegos que había na rede, o 32,7% deles, polo menos incluían a opción de visualizar o sitio en galego, unha porcentaxe moito máis alta cá que presentan os medios de comunicación tradicionais. Mais, ¿sabemos se se están a dar os pasos necesarios?

A Xunta de Galicia está levando adiante dende 1994⁶ unha política en materia de desenvolvemento de infraestructuras de telecomunicacións, o primeiro e fundamental paso. Sen embargo, carecemos de políticas de comunicación e lingüísticas para encher de contidos a autoestrada galega da información. Carecemos de políticas que garantan o acceso universal e a familiarización con estes novos medios.

Cómpre, pois, crear unha conciencia crítica, tanto a respecto da lingua como do xeito de comunicar, semellante cando menos á que se tenta propiciar noutros ámbitos, como a publicidade, os medios de comunicación convencionais, as relacións comerciais, etc., que comece a reivindicar a adopción de tales políticas para crear un espacio galego de comunicación en Internet.

Mais tamén cómpre lembrar as palabras de Pierre Lévy, que nos fan a todos nós un pouco responsables da presenza da diversidade cultural -e tamén lingüística, ideolóxica, etc.- dentro da rede, dadas as súas peculiares características. Debemos ser conscientes do que está en xogo, esforzarnos por coñecer o medio, dedicarlle tempo e esforzo, e contribuírmos a xerar contidos propios de noso. E o que é máis importante, debemos tamén contribuír a xerar esa conciencia crítica de que falabamos.

3 APROVEITAMENTO DA REDE NO ENSINO DAS LINGUAS

3.1 A utilización da Rede no ensino en Galicia: estado da cuestión

Tal e como dicíamos anteriormente, estamos asistindo a unha das maiores transformacións económicas e sociais que ocorreu na nosa cultura. Se as anteriores xiraron ó redor da enerxía como motor do desenvolvemento, a actual baséase nun elemento non material como é a información e nas súas posibilidades de creación, tratamento, manipulación, traslado e recuperación⁷.

Non obstante, fronte a este tipo de transformacións e á ampliación da oferta comunicativa e informativa, no ensino séguese pensando e traballando con modelos e propostas formativas que, moitas veces, non se corresponden coa realidade á que o alumnado pode acceder -e accede- fóra das aulas. Prodúcese, polo tanto, un desfase máis que evidente entre os cambios tecnolóxicos, culturais e sociolóxicos que se dan na sociedade, e a posición que, fronte a eles, se rexistra nos contornos escolares.


Para poñer de manifesto este desfase, queremos chamar a vosa atención sobre os seguintes datos⁸.

Ilustr. 4: Centros de ensino públicos e privados (primaria e secundaria) con web



A poboación en idade escolar (de 14 a 19 anos) con acceso á Rede está ó redor dun 11,75%, porcentaxe notablemente superior ó 3,7% de centros de ensino con web propio, sobre o total de centros. A desproporción é aínda maior se aplicamos a Lei de Metcalfe, unha ferramenta de medición da utilidade de Internet entre grupos sociais ou nunha determinada comunidade e que sostén que a utilidade da Rede é igual á porcentaxe ou o número de usuarios elevado ó cadrado.

Ilustr. 5: Utilidade da rede, segundo a lei de Metcalfe, na poboación 14-19 anos



Analizando exclusivamente os webs dos centros de ensino público galegos con presenza en Internet, observamos que o número de institutos de educación secundaria é, en termos absolutos e porcentuais, superior ó dos colexios de educación infantil e primaria.

Ilustración 6: CEIP con sitio web






Ilustración 7: IES con sitio web



Por outra banda, o ensino privado lévalle unha lixeira dianteira ó público á hora de incorporar as novas tecnoloxías da información e a comunicación, tanto en canto ás cifras absolutas como en canto ás porcentuais, dato que aínda é máis salientable se temos en conta que o número total de centros públicos cuadriplica o de escolas privadas.

Ilustración 8: Comparativa ensino público e privado



Estamos certos de que moitos de vós estaredes pensando que a implantación das TIC nos centros de ensino de Galicia é algo que vai para longo, que nos centros carecedes de dotacións máis elementais ou, mesmo, que esa diferenza entre a penetración das TIC na poboación en idade escolar e a súa escasa utilización na escola é responsabilidade directa da Administración, nomeadamente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Evidentemente, non imos ser nós os que eximamos á Administración autonómica desas responsabilidades, que ben certas son. É máis, poderíamos amplialas falando longamente do que debería facer e non fai para que Galicia e o galego participen na construción da chamada sociedade da información. De tódolos xeitos, como somos dos que confiamos nunha sociedade civil

organizada, crítica e activa (ou polo menos demandámola), e, asemade temos certa vocación para lle dar ó beo, permitídenos expoñer algunhas cuestións sobre as que cremos que cómpre debater.

A primeira delas ten que ver coa inmediatez da introducción das TIC -neste caso, de Internet- no ensino. Non, non estamos falando de ciencia ficción nin dun futuro moi afastado. Falamos de hoxe e xa. Dicímolo con esta inmediatez, en primeiro lugar, porque a Consellería de Educación aprobou no Consello da Xunta do 30 de setembro de 1998 un programa plurianual para que tódolos centros de ensino, comezando polos de secundaria, conten a finais do ano 2000 con conexión á Rede; e dicímolo, en segundo lugar, para evitar o desfacemento entre as necesidades e as posibilidades que os estudantes teñen no contexto social e cultural, fronte ás tecnoloxías con que eses mesmos estudantes van traballar no seu contexto educativo. Por expresalo máis graficamente, abonda con pasar diante dun cibercafé para comprobar cál é a súa principal clientela. Na medida en que a escola permanece á marxe das TIC, favorecemos por omisión que os rapaces e as rapazas as utilicen dun xeito acrítico e, ó mesmo tempo, estamos desaproveitando unha espléndida oportunidade para contribuír á construción dun espacio propio de comunicación.

A segunda das cuestións fai referencia á actitude con que os docentes, nomeadamente as persoas comprometidas co proceso de normalización lingüística, deben encarar a introducción das TIC no contexto educativo. Aínda sendo conscientes de que imos abordar un tema espiñento, a nosa experiencia empírica (baseada na análise dos contidos dos sitios web dos centros de ensino, nos programas de cursos e xornadas de verán, e na observación directa) levounos a detectar unha serie de prexuízos ou opinións preconcebidas (do tipo: iso é cousa dos iankis, non ten nada que ver co galego, non vai con nós, é tarefa do profesor ou profesora de informática) que é necesario comezar a desmontar.

Non nos imos estender nesa sentenza tan vella como ilustrativa que di "a tecnoloxía é neutra, non o é a utilización que se fai dela", senón que imos tentar chamar a vosa atención sobre outros extremos non menos importantes e sobre os que volveremos posteriormente:

1. Internet é a maior "biblioteca" do mundo. Xa que logo, constitúe unha ferramenta case imprescindible para o voso e o noso labor profesional.
2. Calquera persoa ou institución conectada á Rede é quen de xerar contidos e poñelos a disposición de tódolos usuarios. Isto é, unha cousa é o medio, e outra os contidos.
3. A utilización da Internet na escola, para que se converta nun instrumento curricular, ten que se producir dun xeito transversal, abranguendo a práctica totalidade das disciplinas. Para que se produza a introducción neses termos é chave aprehender a rede, a súa linguaxe, potencialidades e limitacións.
4. O uso da Internet vai asociado ó prestixio que se adoita considerar inherente ó desenvolvemento e á utilización das novas tecnoloxías, e que

impregna as linguas que se vehiculan nela. Xa que logo, se conseguimos introducir a Rede dende o galego e o galego na rede, hase contaxiar dese prestixio de que tan necesitado está. Pensemos que o perfil do usuario-tipo da Internet posúe, segundo os estudos da AIMC, unha educación e un nivel de vida medio-superior, son xente nova (lembrems as porcentaxes de poboación con acceso á Rede entre 14 e 19 anos), e residen no medio urbano. Pensemos, ademais, que ese perfil corresponde ó dun sector da poboación galega especialmente castelanizado, un sector que debería ser obxecto preferente do noso traballo: por castelanizado e por prestixio. Calquera adianto do noso idioma nel é capital.

3.2 A rede no ensino: educar para a rede, aproveita-la rede para educar

Se nos permitides a licencia, imos contarvos, con algunhas variantes, un conto ó que recorriamos non hai moito nesta mesma cidade. A historia narra o acontecido nun pequeno país analfabeto, no que de súpeto, comezan a agromar bibliotecas, con milleiros de libros, por tódolos recantos. Primeiro aparecen só nalgunhas casas pero, ó cabo de moi pouco tempo, as bibliotecas están en case tódolos lugares. Quen a ve por vez primeira achégase a ela con curiosidade, inquedanza e, ó mesmo tempo, certa precaución. Nenos e nenas achéganse ás bibliotecas dos seus centros. Xa as viron fóra, na rúa, e queren que o profesor ou a profesora lles explique cómo utilízalas. Ante esta demanda, entre o profesorado xorden distintos tipos de actitudes:

- a) Un grupo de profesores e profesoras que consideran que o fundamental é que os rapaces coñezan o proceso de elaboración física do libro. Durante todo o curso escolar hai unha materia para lles explicar qué é a pasta de papel, a fotocomposición, a maquetación, a impresión, a encadernación, etc. Eses alumnos e alumnas aprenden na escola tódalas técnicas de pre-impresión e impresión pero descubren, fóra da aula, que o libro e a biblioteca son algo máis.
- b) Outro grupo de mestres opta por aprenderlles a usar a biblioteca, explicándolles dende os sistemas de catalogación ós diferentes tipos de libros. Mesmo dan un paso máis e animan ó alumnado a utilizar a biblioteca nunha única dirección: como medio de consulta, de ampliar coñecementos sobre unha determinada materia. O resto, xa o irán descubriendo nas súas horas libres
- c) O terceiro grupo de profesionais, explícalles un pouco o proceso de elaboración física dos libros, párase algo máis nos sistemas de catalogación, dedica un esforzo maior a amosarlles a utilidade da biblioteca como medio de consulta, e consagra a maioría do seu tempo a invitalos a descubrir a linguaxe propia de cada xénero literario, o pracer de ler e de interrelacionar lecturas e coñecementos.

O conto en cuestión sérvenos para retomar algunhas ideas que fomos anticipando ó longo do noso relatorio. Falabamos non hai moito do desfaseamento que se producía entre a poboación en idade escolar que accede directamente a Internet (por medios propios ou indirectos, cibercafés e

semellantes), e o uso da rede no ensino. Tema ben diferente, e ó que faciamos referencia no conto, é cómo se utiliza a Internet no ensino.

Xa vimos Internet coma unha canle pola que discorren aplicacións diferentes, entre as que salientan aquelas que permiten o funcionamento de novos medios de comunicación⁹. Internet como canle ten, entre outras, as seguintes potencialidades de comunicación:

1. Xera novos medios de comunicación coa capacidade que ten de integrar son e imaxe, de facer converxer nunha mesma canle medios de comunicación tradicionais que utilizaban diferentes soportes de transmisión coma o papel ou as ondas.
2. Ten unha linguaxe propia e, por qué non dicilo, xera un novo xeito de relación.
3. Converte a calquera usuario en emisor.

A resposta do ensino regulado ante a implantación da Rede na sociedade é, a grandes trazos, a mesma que describiamos no conto. Con tódolos riscos que implica facer consideracións de carácter xeral, encontrámonos con tres tipos de actitudes que definiremos como:

- a) Tecnolóxica. A rede ten simplemente unha dimensión tecnolóxica. Cómpre, polo tanto, que o alumnado coñeza os fundamentos do TCP-IP ou cómo facer unha páxina web. Noutras palabras, a introducción da Internet na escola vai asociada a unha disciplina moi concreta: a informática, sen ter en conta outras características propias, isto é, a Rede como canle de comunicación e información.
- b) Instrumental. Aprenderlle ó alumnado o uso funcional da Rede: coñecer os programas de navegación, as ferramentas de busca ou a utilización da Internet como fonte de información, pero sen ir máis aló.
- c) Transversal. Enmarcándoa nese conxunto de contidos, temas e eixes conductores da actividade escolar que non están adscritos a ningunha materia ou disciplina en particular, porque afectan á globalidade do currículo. Isto é, o uso de Internet ten unha dimensión tecnolóxica, pero o fundamental é que a partir desta utilización podemos tirar información e experiencias comunicativas que están intimamente relacionadas con tódalas áreas de coñecemento e serven de nexo de unión entre diversos coñecementos e disciplinas.

As perspectivas tecnolóxica e instrumental están fracasando en tódolos ámbitos (empresa, administración...), pero seguen sendo as máis estendidas, e o ensino non é unha excepción. A súa proxección adoita traducirse na elaboración dunha páxina web que, inicialmente, lle serve de escaparate do centro educativo, pero que ó pouco tempo carece de todo interese porque nin se actualiza, nin hai implicación da comunidade educativa á hora de dinamizala e xerar contidos.

O uso transversal da Rede non é doado, pero adoita ten uns resultados claves a curto e medio prazo, na medida en que:

- a) Conseguimos que a comunidade educativa coñeza a linguaxe do medio e sexa capaz de diferenciar medio e mensaxe, continente e contido.
- b) Xeramos protagonistas activos e non receptores pasivos.
- c) Contribuímos a nuclear grupos capaces de producir os seus propios contidos.
- d) Alentamos, xa que logo, que a comunidade educativa exerza como masa crítica.

3.3 A transversalidade, as novas tecnoloxías, e o ensino e a aprendizaxe do galego e doutras linguas

Imos ilustrar canto acabamos de dicir, e tratar de aplicalo ó ensino e aprendizaxe do galego e doutras linguas, cun exemplo concreto que hai anos se vén desenvolvendo en varios centros de Cataluña. Referímonos a unha experiencia didáctica perfectamente extrapolable a Galicia e ó galego que parte da versión en catalán dunha obra clásica da literatura universal "A volta ó mundo en 80 días" <<http://pie.xtec.es/~jgomez/volta99>>.

Na experiencia participan centros de diferentes niveis educativos (dende CEIP a IES) e que, segundo o centro, toman parte nela todo tipo de ciclos (dende educación infantil ata o último nivel da ESO).

A proposta de traballo parte de facer as mesmas etapas do itinerario de Fogg para, a partir delas, estruturadas en tres grupos (lectura, compartir, realizadas), desenvolver unha serie de actividades que implican a utilización transversal da rede en tódalas áreas de coñecemento e, dun xeito especial, co da lingua propia e de linguas estranxeiras. Así, propóñense actividades que implican:

- a) Lectura comprensiva da obra na lingua propia e consulta sobre cuestións relativas a diferentes áreas de coñecemento que se mencionan nela.
- b) Actividades para realizar en grupo ou mesmo con outros centros, que xiran sobre dous eixes:
 - Investigar sobre a realidade local. Por exemplo, cómo eran os camiños de ferro e os peiraos da localidade ou da bisbarra na época na que Fogg principia a viaxe e expresar todo isto na lingua propia, en catalán, neste caso.
 - Coñecer o itinerario que realiza Fogg procurando de recursos na Rede o que obriga á procura de información (isto é, a aprender a localizala en Internet) e a traballar con páxinas e recursos noutras linguas, isto é, a aprender outros idiomas e coñecer outras culturas, economías, realidades sociais...
- c) O aspecto tecnolóxico e instrumental. Verter todo o aprendido e investigado na Rede ou, o que é o mesmo, traballar a plástica, o deseño gráfico, a redacción, o estilo, a informática, o hipertexto... En resumo: construír un web.

3.4. Tres posibles experiencias didácticas coa rede

En definitiva, propoñémosvos tres maneiras diferentes de aproveitar transversalmente a rede no ensino da lingua e a literaturas galegas ou doutras linguas, dadas as características do medio: usala como fonte de información (como se fose unha biblioteca), como canle de comunicación (con outros docentes, con outros nenos e rapaces, con outras comunidades educativas, co resto do mundo), e como medio de comunicación propio do voso centro. Ofrecémosvos, a seguir, unha ampla lista -evidentemente, non exhaustiva- de exemplos tirados da propia rede que podedes aproveitar de xeito transversal.

3.4.1 Internet, fonte de información e recursos sobre as linguas e a literatura

a) Sobre políticas lingüísticas

- Dirección Xeral de Política Lingüística de Cataluña <<http://cultura.gencat.es/llengcat/index.htm>> Ademais de información sobre a composición, funcións, organigrama... da propia Dirección Xeral e doutros organismos con competencias na materia, é unha páxina con amplísima información sobre o catalán tal e como se pode comprobar se entramos no mapa do web.
- Office de la Langue Française, de Québec, <<http://www.olf.gouv.qc.ca>>. É un web chave para o seguimento da política lingüística do goberno do Québec; salientan as iniciativas a prol da extensión do uso do francés nas TIC: premio para destaca-lo labor de persoas e empresas; aplicación da Carta da Lingua Francesa ás páxinas web...
- Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta <<http://www.xunta.es/conselle/ceoug/dxpl/index.htm>> É unha páxina renovada hai pouco, que ofrece moi pouca información en contraste coas que acabamos de sinalar, e fornece datos do ano 1988.

Ilustración 11: Office de la Langue Française

b) Situación das diferentes linguas do mundo

- Ethnologue <<http://www.sil.org/ethnologue>> Proporciona información sobre tódalas linguas do mundo, incluída unha ampla bibliografía.
- Linguas minoritarias <http://www.smo.uhi.ac.uk/saoghal/mionchanain/Failte_en.html>. Lista das linguas agrupadas por familias, cos datos concretos dunha lingua.

c) Situación dunha lingua concreta

- Friulano <<http://www.geocities.com/Athens/Acropolis/4237>> Web que informa sobre a lingua e a literatura friulanas.
- Bretón <<http://webbo.enst-bretagne.fr/Brezhonet/index.htm>> Unha das páxinas máis importantes dedicada a esta lingua, cunha breve historia do bretón. O web está en inglés.
- Galés <<http://users.comlab.ox.ac.uk/geraint.jones/about.welsh>> Páxina da lingua galesa: historia, situación, datos de falantes....

- Sardo <<http://fonsg3.let.uva.nl/SLG>> Web promovido por un grupo de lingüistas que se dedican ó estudio desta lingua.
- Occitano <<http://www.chez.com/occitanet>> Portal occitano con información de todo tipo, incluída a lingüística, e cunha historia da lingua occitana.

d) Programas e recursos europeos

- Oficina Europea para as Linguas Menos Estendidas (EBLUL) <<http://www.eblul.org>> Fornece información sobre o propio Bureau, e sobre as linguas menos estendidas de Europa (historia e situación nos medios de comunicación, educación, situación legal) tamén mediante bases de datos en liña. Así mesmo ofrece o **Contact Bulletin**.
- Programa MLIS <<http://www2.echo.lu/mlis/pt/home.html>> Programa da UE que ten por obxectivo preservar as identidades lingüísticas e promover o multilingüismo na UE.
- Consello Europeo das Linguas <fu-berlin.de/elc> Organización independente para a promoción do estudio e coñecemento das linguas europeas.

e) Lexislación e dereitos lingüísticos

- Mercator lexislación <<http://www.troc.es/ciemen/mercator>> Leva un ano sen actualizar debido á paralización do Programa como consecuencia da supresión das axudas comunitarias. Contén unha base de datos lexislativa moi importante, recolle as cuestións lingüísticas nas constitucións dos diferentes estados europeos así como nas leis de carácter xeral referidas a cada lingua en cuestión.
- Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos <www.linguistic-declaration.org> Contén versións da Declaración en diferentes linguas.

f) Institucións académicas

- Instituto de Estudos Cataláns <<http://www.iec.es/cat/inici.htm>> Presentación do Instituto así como dos servizos e actividades que desenvolve en relación co catalán.
- Centro Internacional de Investigación en Planificación Lingüística (CIRAL) <<http://www.ciral.ulaval.ca>> Bases de datos, foros de discusión, servizos lingüísticos, tesouro da lingua francesa no Québec, cursos en liña, boletíns...
- Centro Virtual do Instituto Cervantes <<http://cvc.cervantes.es/portada.htm>> Foros de debate, obras de referencia, actos culturais, aula de lingua...

g) Iniciativas e campañas

- Indixem en catalán <<http://www.iula.upf.es/altres/pub/indexem/indexem.htm>> Páxina desta campaña dirixida a "facerse ver na Rede en catalán", mediante a introducción de metacontidos nas páxinas HTML, para que os buscadores as detecten como páxinas en catalán.
- Al'Atac <<http://www.upc.es/slt/alatac>> Trátase do web do voluntariado lingüístico promovido dende o SNL da Universidade Politécnica de Cataluña
- Je clique en français <<http://www.olf.gouv.qc.ca/technologies/technopages/clique.html>> Web

sobre a campaña a favor do uso do francés na informática promovida pola OLF.

h) Ferramentas lingüísticas: Dicionarios, tradutores...

- Civerdúvidas da lingua portuguesa <<http://ciberduvidas.com>> Un equipo orientado polo Consello Científico da Sociedade da Língua Portuguesa, responde e resolve dúbidas sobre o uso desta lingua.
- Euradicautom <<http://eurodic.echo.lu/cgi-bin/edicbin/EuroDicWWW.pl>> A base de datos do Servicio de Traducción da UE.
- Dicionarios en liña <<http://rivendel.com/~ric/resources/dictionary.html>> É un dos múltiples webs que nos indican os recursos deste tipo que podemos encontrar na Rede.

i) Servicios e equipos de normalización lingüística

- SNL do Colexio de Avogados de Cataluña <<http://www.cicac.org/sl/index2.htm>> Ofrece a posibilidade de obter formularios, facer consultas....
- Udalerri Euskaldunen Mankomunitatea (Campaña de normalización do euskera promovida pola mancomunidad de concellos euskaldúns) <<http://www.jalgi.com/uema>>
- Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela <<http://www.usc.es/snlus>>. Vocabularios e consultas en liña, formación, axudas, publicacións...

l) Recursos non lingüísticos

A miúdo os recursos non lingüísticos son fontes documentais interesantes para o estudo das linguas ou as literaturas, de xeito indirecto. Aquí mostramos uns poucos exemplos:

- Ente Friuli nel Mondo <<http://www.infotech.it/friulmondo/index.html>> Xornal friulano
- Vilaweb , o portal catalán <<http://vilaweb.com>>
- CNAG: Priomh Dhuilleag I Main Page <<http://www.cnag.org.uk>> Portal escocés.
- Librería Nacional de Gales <<http://www.llgc.org.uk>>
- Biblioteca Nacional de Portugal <<http://www.biblioteca-nacional.pt>>
- Consulta do ISBN <<http://www.mcu.es/bases/spa/isbn/ISBN.html>>
- Manual de estilo dos webs da Universidade das Illas Baleares <<http://www.uib.es/documents/indicec.html>> Importante dende o punto de vista da transversalidade: apunta cómo debe ser a xerarquía lingüística dos webs, aspectos sobre o contido e o deseño.....
- Edicións Bromera <<http://www.bromera.com>> Editorial que publica interesantes traballos de sociolingüística. Catálogo en liña e pedimentos tamén a través da Rede.

m) Recursos galegos

- Galego.org <<http://www.galego.org>> O web do galego no ciberespacio: historia, situación sociolingüística, lexislación, dicionarios e vocabularios... Novas de actualización semanal.

- ILG <<http://www.usc.es/ilgas>> Información sobre esta institución e anacos de textos da literatura galega.
- A Mesa <<http://www.amesanl.org>> Obxectivos, campañas, novas...
- AS-PG <<http://www.as-pg.com>>
- Galego21.org <<http://www.galego21.org>> Organización para apoiar a existencia de software en galego, e de contidos propios e na nosa lingua en Internet. Ofrece de balde varios programas informáticos en galego, entre eles un navegador, así como un curso de galego en liña, un adianto do traductor automático castelán-galego, galego-castelán, etc.
- Ciberirmandades <<http://www.valbuena.fis.ucm.es/~camilor>> Iniciativa para promover o uso do galego nos sitios web que se van creando no país.
- Vieiros <<http://www.vieiros.com>> O barrio galego en Internet: novas de constante actualización diaria, con edicións locais (dende A Mariña ata Paris) e canles temáticas (Canal Ciencia, Canal Verde, Tempos, Irmandiña...); directorio de recursos galegos, e outras seccións.
- Xerais <<http://www.xerais.es>> Interesante polas novidades, biografías, críticas...
- Arquivo Histórico de Galicia <http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivo_reino/index.htm>
- Gonzalo Navaza <<http://www.ctv.es/USERS/gnavaza>> O primeiro dos webs de literatura galega no ciberespacio.

3.4.2 A rede como canle de comunicación

- Linguist List <<http://linguistlist.org/lists.html>> Listas de distribución e roldas especializadas en lingüística.
- Lapis de Cores: Comunidade Virtual de Educadores Galegos <<http://www.galego21.org/lcd/index.html>> O obxectivo xeral é crear un área de encontro para os profesionais do ensino en galego, onde poidan atopar materiais que lles axuden no desenvolvemento da súa actividade, e trocar ideas e experiencias con outros profesionais
- Claustre virtual <<http://www.pangea.org/~pepem/claustre>> Espacio comunicativo en Cataluña, sobre todo charlas, de profesorado, pais e nais que intercambian experiencias.
- A Página da Educação <<http://www.a-pagina-da-educacao.pt/debate/index.html>>. Xornal portugués especializado, para a comunicación do profesorado e o intercambio de experiencias.
- Sitio dos miudos: educação e entretenimento para criançás, adolescentes, pais e profesores <<http://www.sitiodosmiudos.pt/amigos.html>> Mantén un xornal e un espacio para que os rapaces e rapazas portuguesas poidan comunicarse cos doutras partes do mundo.

3.4.3 A rede como medio de comunicación propio

- Escola Piloto da Nazaré <<http://www.terravista.pt/nazare/1825>> A través do Proxecto Telemática, os alumnos resumen e publican o traballo desenvolvido ó longo do ano nunha páxina web que inclúe un xornal.

- Colexio Rontegi-Gure Ikastetxen <<http://www.gaztenet.com/rontegi>> Fornece, entre outras informacións, os modelos lingüísticos que se poden seguir nel.
- Colexio de Educación Infantil e Primaria de Carnota <<http://www.teleline.terra.es/personal/carnota/home.htm>> Ademais de información sobre Carnota e o colexio, inclúen as actividades do proxecto Carnota, da Aula de Medio Ambiente, e o boletín O Moucho.
- CEIP Graxal-Temple <<http://personales.mundivia.es/cpgraxal>>
- Instituto de Ensino Secundario de Gondomar <<http://www.arrakis.es/~iesgondo>> Actividades de teatro, biblioteca, Aula de Informática, Xeoloxía, excursións e intercambios.
- Instituto Politécnico de Vigo <<http://www.arrakis.es/~polired>> Fornece información sobre a súa oferta educativa, e sobre os traballos de integración, radio, tecnoloxía e informática, os proxectos europeos en que participan... Publican, ademais, traballos dos alumnos.

¹ Dato da última vaga (abril-maio de 1999), do Estudio General de Medios <<http://www.aimc.es>>

² Para esta análise comparativa recorreremos á seguinte ciberbibliografía: **La place des langues latines sur l'internet**, en <<http://funredes.org/LC/francais/L4-01.html>>; **Global Internet Statistics by language**, en <<http://www.euromktg.com/globstats/index.html>>; **Evolution on the Internet and the WWW in Europe**, en <<http://www2.echo.lu/mlis/en/document/evolution.html>>; e **El español en el mundo: La utilización de las lenguas en Internet**, en <http://cvc.cervantes.es/obref/anuario_99/pmaestre/p03.htm>.

³ Villate, Javier (1999): "La tarifa plana y el ADSL. Estrechez de miras en la implantación de Internet en España".

⁴ Para o outro día de escribirmos estas afirmacións, difundíase a nova de que o Consello de Ministros estaba a elaborar un ambicioso programa para estender as TIC a tódolos ámbitos sociais e económicos, para o cal oo acceso á Internet á poboación, para o cal se prevé un investimento de 450 mil millóns de pesetas para estinan 20.000 millóns de pesetas nos vindeiros catro anos.

⁵ Levy, Pierre (1997): **Cyberculture**, Éditions Odile Jacob / Éditions du Conseil de l'Europe. (Citado pola versión catalana: **La cibercultura, el segon diluvi?**, Edicions de la Universitat Oberta de Catalunya, 1998.

⁶ Xunta de Galicia, Telefónica: **Libro Branco das Telecomunicacións en Galicia**, Santiago de Compostela-Madrid, 1994

⁷ UE, **Libro blanco sobre crecimiento, competitividad, empleo: Retos y pistas para entrar en el siglo XXI**. UE, Bruxelas.

⁸ Datos de elaboración propia a partir da audiencia en Internet segundo a dita última vaga (abril-maio de 1999) do EGM, a **Guía do Ensino de Galicia** ano 1998 editada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, os datos fornecidos polos servicios de informática da Consellería de Educación, e as páxinas rexistradas na sección Educación de Vieiros, <<http://www.vieiros.com>>. Cómpre salientar que só estudiamos os centros de educación primaria, os colexios públicos integrados e os institutos de secundaria, non así os centros que dispensan só educación infantil.

⁹ Non imos estendernos en matizar esta cuestión. Dada a claridade e o rigor expositivos, recomendamos a lectura da aportación de Luís Ángel Fernández Hermana, "Puntualizaciones sobre Internet" nas páxinas 101-103 en: Goula, J.e outros (1998): **La sociedad del conocimiento**. Barcelona: Beta Editorial.